

## DIVERTEO NADAL 2021

### **PARTICIPANTES:**

Crianzas escolarizadas nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, preferentemente empadroadas no concello de Teo.

### **HORARIO:**

- **Servizo completo:** de 7:30 a 15:30 horas.
- **Servizo sen xantar:** de 7:30 a 14:00 horas.

### **LUGAR:**

CEIP de Calo, A Ramallosa e Os Tilos.

**DATAS:** do 22 de decembro ao 7 de xaneiro (12 días)

**INSCRICIÓN:** do 10 ao 26 de novembro.

- **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA:**
  - Folla de inscrición.
  - Foto tamaño carné (se non se presentou no Diverteo de setembro, no Teomadrua ou no Teocoida).
  - Fotocopia da tarxeta sanitaria (se non se presentou no Diverteo de setembro, no Teomadrua ou no Teocoida).
  - Declaración responsable para a participación no Diverteo 2021-2022 (se non se presentou no Diverteo de setembro, no Teomadrua ou no Teocoida)
- **DOCUMENTACIÓN OPCIONAL** (se non se presentou no Diverteo de setembro, no Teomadrua ou no Teocoida):
  - Informe médico que corresponda en relación a enfermidades específicas que precisen dunha atención especializada (*de ser o caso*)
  - Documentación xurídica suficiente para demostrar a retirada da garda e custodia a algún dos proxenitores (*de ser o caso*).
  - Xustificación de familia monoparental (*de ser o caso*).
  - Xustificación do acollemento (*de ser o caso*).
  - Declaracións da renda do exercicio 2020 ou certificado negativo relativo á obriga de efectuar declaración do IRPF no que se faga constar os ingresos das persoas responsables legais (*no caso de ter dereito a bonificación*).

**LISTAXE PROVISIONAL:** 30 de novembro na páxina web ([www.teo.gal](http://www.teo.gal)) e no taboleiro do concello.

- **IDENTIFICACIÓN DAS PARTICIPANTES NAS LISTAXES:**
  - No caso de presentación presencial no rexistro do concello: número de rexistro de entrada/21
  - No caso de presentación a través da sede electrónica: RT últimos catro díxitos do número de rexistro/21

**PAGAMENTO: do 1 ata o 10 de decembro.** Remitirase polo Concello o documento de autoliquidación que se utilizará para o pago da cota.

En canto ao pagamento da autoliquidación poderá realizarse en ABANCA (ben nas oficinas no horario comercial de pagos ou ben en caixeiro automático) ou na banca electrónica (en caso de ser cliente) da dita Entidade. Así mesmo, pode realizar o pago da mesma a través da pasarela de pagos que o Concello de Teo ten coa Entidade financeira ABANCA no seguinte enlace (<https://ovt.teo.gal/portalCiudadano>) dentro do apartado pago telemático/mediante documento de pago. Para o pago poderá utilizarse unha tarxeta de débito ou crédito de calquera entidade financeira.

Para realizar os pagamentos por este procedemento debe introducir ou ben os números que figuran debaixo do código de barras do documento de pago e darlle a cargar datos (revise os datos antes de pagar) ou ben cubrir os datos de emisora, referencia, identificación e importe, que aparecen no documento de pagamento. A plataforma de pagamento pediralle toda a información necesaria. Unha vez completos os datos deberá darlle a pagar recibo e elixir pago con tarxeta e introducir os datos da mesma.

Unha vez realizado o pagamento do mesmo deberá remitir ao departamento do CIM o xustificante de pago do recibo, ben de xeito presencial ou no enderezo electrónico [concilia@teo.gal](mailto:concilia@teo.gal).

**LISTAXE DEFINITIVA: 15 de decembro** na páxina web ([www.teo.gal](http://www.teo.gal)) e no taboleiro do concello.

#### **PREZO DIARIO:**

- **Atención educativa:** 5,00 €
- **Almorzo:** 0,50 €
- **Xantar:** 3,50 €
- **Servizo completo:** 9,00 €

#### **CADA PROGRAMA PÁGASE COMPLETO, NON POR DÍAS SOLTOS.**

- **BONIFICACIÓN:**
  - Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 25%.
  - Os usuarios e usuarias que pertencen a familias monoparentais terán unha bonificación do 25%.
  - Os usuarios e usuarias que pertencen a familias numerosas terán unha bonificación do 25%.
  - Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM\* anual terán dereito a unha bonificación do 50%.
  - Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM\* anual terán dereito a unha bonificación do 25%.
  - Os usuarios e usuarias que pertencen a familias nas que estea acollido un/unha ou máis menores terán unha bonificación do 25% da cota resultante. Xustificarse coa documentación acreditativa do acollemento.

\* IPREM: Indicador público de rendas a efectos múltiples. En 2020 contía mensual igual a 537,84 €